

I TRIZANCADAS SOLIDARIAS MONTE XIABRE 2026

REGULAMENTO

Art.1.- O CLUB TRIATLÓN VILAGARCÍA e a ASOCIACIÓN EQUIPO NÓMADA, coa colaboración do EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA organizan a **I Edición das Trizancadas Solidarias Monte Xiabre** o vindeiro DOMINGO 8 DE MARZO DE 2026.

Art. 2.- A proba terá un **carácter non competitivo** e terá como obxectivo a recadación de fondos para a Asociación Equipo Nómada, para poder financiar ciruxías e tratamentos ortopédicos para nenos con patoloxías nos pés, principalmente pé zampo.

Art. 3.- CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS DE SAÍDAS.

MODALIDADE	IDADES	DISTANCIA	HORA SAÍDA
TRAIL	A partir de 18 anos	14 km	11:00
ANDAINA	A partir de 14 anos	6 km	11:15

*As distancias son orientativas e non homologadas.

Art. 4.- LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

A saída e meta, tanto do Trail como da Andaina realizarase dende o mesmo lugar, o **“Monumento ao avión caído”**, en Guillán (Vilagarcía de Arousa).

Os circuitos estarán debidamente sinalizados e o Club Triatlón Vilagarcía disporá de acompañantes para diferentes ritmos de carreira y andaina.

Google maps: <https://maps.app.goo.gl/C21gProKKSwdLXwp7>



Art. 5 .- INSCRICIÓN

A inscrición para a proba poderase realizar dende ás 12:00h. do 16 de xaneiro na páxina web www.championchipnorte.com ata as 23:59 h do martes 3 de marzo de 2026..

A inscrición terá un coste de 7€ tanto para o Trail como para a Andaina.

Unha vez descontados os gastos da proba, a recadación destinarase de forma solidaria á Asociación Equipo Nómada.

Art. 6.-AVITUALLAMIENTOS:

Habrá avituallamiento líquido en el km 7 del trail, y líquido y sólido en meta.

Art. 7.- RETIRADA DE DORSAIS

A recollida de dorsais poderá realizarse nas carpas diante da liña de saída o sábado 7 de marzo no Auditorio Municipal de 17:00h a 19:00h. ou o propio día da carreira nas carpas establecidas na zona de saída ata 15 minutos antes do inicio da proba.

Art. 8.-DESCALIFICACIÓNS

Todo corredor/a que non cumpla coas indicacións establecidas pola organización será descalificado da proba.

ART.9. RESPONSABILIDADE.

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para correr a proba. A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse as persoas participantes polas súas imprudencias ou negligencias.

A organización dispón dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubrirá as incidencias inherentes a proba.

ART.10.LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Todos/as os/as corredores/as, incluídos menores de idade, ao realizaren a inscrición, aceptan e autorizan á organización á publicación do seu nome, da súa imaxe e vídeos nas clasificacións, nos medios de comunicación e en internet ou noutro medio de difusión.



Art. 11.- SERVIZOS.

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

Asemade contarase cun servizo de ambulancia o día da proba.

Próximo ao circuito contase con espazo de parking gratuito onde estacionar os vehículos dos participantes.

Disporase dun servizo de gardarroupa.

Disporase de duchas no pavillón de Guillán (A 1.200m da liña de meta)

Art. 12.- O feito de inscribirse nesta carreira implica a total aceptación do presente regulamento. Todos os inscritos fanse responsables de acatar dito regulamento e o seu descoñecemento non exime do seu cumprimento.

COLABORADORES:

- Excmo Concello Vilagarcía de Arousa.
- Fundación de Deportes Vilagarcía de Arousa.
- Protección Civil.
- Policía Local.
- Comunidade de Montes de Guillán.
- Comunidade de Montes de Bamio.
- Comunidade De Montes Cea- Castroagudin
- Artio
- Centro Comercial Arousa

CONTACTO:

- Correo electrónico: Triatlonvilagarcia@gmail.com



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes



*deporte
para todos*